



CCOO esixe «sentido de país» para unha saída xusta da crise

Apelamos á xenerosidade do galeguismo e aos consensos que hai catro décadas permitiron sentar as bases da autonomía

Santiago de Compostela, 25 de xullo de 2022.- O Día da Patria Galega é, para os traballadores e traballadoras desta terra, unha data sinalada para conmemorar o compromiso persoal e colectivo co noso país. Neste 25 de Xullo, a Comisión Executiva do Sindicato Nacional de **Comisións Obreiras de Galicia sinala a crise como primeiro reto e reclámalles ás principais forzas políticas, institucións e axentes sociais «sentido de país» para que a saída da crise sexa xusta, cunha repartición equitativa dos custos, atendendo especialmente á situación das persoas menos favorecidas.**

Para lograr este obxectivo, o Sindicato Nacional de CCOO apela á reedición dos consensos que, hai xa catro décadas, permitiron sentar as bases da nosa autonomía: pactos que poñan os intereses colectivos e a vocación de servizo por diante dos intereses partidistas. **A xustiza social só pode nacer da xenerosidade e da solidariedade, cementos imprescindibles para as construcións máis sólidas. Calquera medida que se tome sen diálogo, con egoísmo ou con insolidariedade estará abocada ao fracaso.**

Dáse a circunstancia de que este 2022 coinciden tanto unha nova crise económica —cando aínda non nos recuperamos totalmente da anterior, nin da pandemia—, como as catro décadas da autonomía e cincuenta anos do convulso 1972 que marcou a historia do movemento obreiro galego e comezou a rachar as costuras da ditadura.

Este ano é o do 50.º aniversario dos sucesos do 10 de Marzo que anualmente se reivindicán no Día da Clase Obreira Galega. Cinco décadas desde que a represión franquista lles custara a vida a dous traballadores que se mobilizaban en Ferrol por un convenio digno. Medio século, tamén, da vaga de solidariedade que se estendeu por toda Galicia a raíz daquela represión, que culminaría na histórica folga en Vigo aquel verán de 1972.

A forza do movemento obreiro marcou o comezo da fin da ditadura e é de xustiza salientalo neste 25 de Xullo en que Galicia celebra o seu día nacional. Porque **sen a loita obreira non se pode comprender a maneira en que se transitou tan rapidamente dunha feroz ditadura a unha democracia que, coas eivas que poida ter, é homologable á de calquera país da súa contorna.**

A historia demóstranos que a democracia non é eterna: igual que chega, pode recuar e corremos o risco de perdela. Temos exemplos a oito por todo o



DECLARACIÓN DA COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL DE CCOO POLO DÍA DA PATRIA GALEGA DE 2022



mundo, de América Latina ao corazón de Europa, tamén no Estado español. Non vale a equidistancia; non podemos banalizar nin normalizar a extrema dereita. Baixo ningún concepto, nin sequera argüíndo a «governabilidade».

A democracia non só se estraga polo auxe do populismo neofascista; tamén o fai se os partidos democráticos desvían o foco das cuestións principais, nomeadamente o benestar social, que é tanto como dicir a calidade de vida da xente dun país.

Non é casual que a extrema dereita poña a mira nos sindicatos como un dos albos predilectos dos seus ataques. **Desprézanos porque levamos décadas facéndolle fronte. Atácanos polo que somos e polo que representamos.** Antes recorría á violencia física, agora prodígase na verbal e na desinformación. Gustaríalle que non houbera sindicatos, porque dese xeito non habería contrapoder nas relacións laborais nin freo posible aos abusos empresariais, nin repartición xusta dos custos da crise.

Dicía Fernández del Riego —o seguinte homenaxeado no Día das Letras Galegas 2023— que **«Galicia vive porque ten unha aspiración e unha obra de vida»**; sabias palabras que reflicten perfectamente a todas as persoas e organizacións que, como as Comisións Obreiras, nos declaramos galeguistas e comprometidas con este país.

Apelando ao compromiso de país e á xenerosidade demostrada polo galeguismo histórico, que está no berce do modelo autonómico galego, **reivindicamos pactos e consensos amplos que permitan que Galicia saia nas mellores condicións posibles desta crise**, pero tamén sen perder a perspectiva de que hai debates e decisións que non se poden adiar máis e que terán repercusións sobre as condicións de vida das próximas xeracións.

O modelo de desenvolvemento de Galicia, a transición enerxética e ecolóxica, as infraestruturas e a vertebración territorial, as áreas metropolitanas, a atención á dependencia, a protección social, a atención primaria, o ensino público, as políticas industriais... Moitas cuestións que xa estaban antes da crise e sobre as cales cómpre actuar decontado porque non agardan por ninguén.

Debémollo a Galicia. Debémollelo ás galegas e aos galegos.

Amelia Pérez Álvarez
Secretaria Xeral do Sindicato Nacional
de Comisións Obreiras de Galicia.